



Beneficios do acceso aberto para a túa universidade

"O que non é visible, non se comparte e non se difunde"

A **producción científica** das universidades é un dos principais activos para medir a súa calidade. Se é visible e accesible, terá maior impacto e poderá ser citada por outros.

Beneficios

- Incrementa a visibilidade e polo tanto a difusión e o impacto da produción científica das universidades
- Permite visibilizar e render contas á sociedade do investimento público realizado en investigación
- Incrementa as posibilidades de acceder a recursos de investigación sen aumentar o investimento
- Reflicte a actividade investigadora da universidade e facilita a súa avaliación
- Axiliza a transferencia do coñecemento e diminúe a fenda de acceso á información entre os países
- Permite que os autores conserven a titularidade dos dereitos de autor sobre as súas obras e poidan establecer as súas condicións de uso
- Garante a preservación electrónica dos resultados de investigación a longo prazo

**OPEN
ACCESS**



CRUE

REBIUN

Red de Bibliotecas Universitarias

Marco legal

A nivel nacional existe un compromiso coa difusión universal do coñecemento, apostando polo acceso aberto aos resultados de investigación, plasmado en dúas iniciativas legais:

- a) A "Lei da Ciencia": Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. O Artigo 37, insta ao seguinte:
 - Aos axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, a impulsar o desenvolvemento de repositorios de acceso aberto que conteñan as publicacións dos seus investigadores, a establecer sistemas que permitan conectalos con iniciativas similares de ámbito nacional e internacional, e a empregar os documentos dos repositorios nos procesos de avaliación.
 - Aos investigadores, cuxa actividade estea financiada na súa meirande parte por fondos dos Orzamentos Xerais do Estado, a depositar nun repositorio de acceso aberto a versión final das súas publicacións, non máis tarde de doce meses despois da data de publicación.
- b) Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento. Os Artigos 14.5, 14.6, establecen que as teses de doutoramento unha vez aprobadas depositaranse en acceso aberto no repositorio institucional da universidade.

Iniciativas a nivel europeo

- a) O Proxecto Horizonte 2020, así como o seu antecesor o Proxecto Piloto de Acceso Aberto do VII Programa Marco da Unión Europea 2008-2013 (cláusula 39), establecen que os beneficiarios de subvencións deben depositar nun repositorio os artigos revisados por pares resultado dos seus proxectos, así como os datos xerados e/ou recollidos nos mesmos.
- b) O Consello Europeo de Investigación (ERC) require o depósito nun repositorio institucional ou temático, de todas as publicacións revisadas por pares de proxectos de investigación financiados por el e a súa posta a disposición en acceso aberto nun prazo non superior a 6 meses desde a súa publicación. Estes traballos son recolectados pola plataforma da Comisión Europea OpenAire.

O acceso aberto en España en cifras

(Resultados do estudio realizado por REBIUN entre 74 universidades en outubro de 2012. 65 universidades responderon á enquisa)

- 54 universidades teñen repositorio
- 32 firmaron a Declaración de Berlín
- 13 dispoñen de política institucional de acceso aberto
- 5 posúen medios de control para o cumprimento das devanditas políticas
- 48 utilizan licencias para protexer os contidos. Delas, 44 utilizan licencias Creative Commons
- 33 universidades dispoñen dun servizo de asesoramento sobre acceso aberto, dereitos de autor, licencias, etc.
- 482.126 documentos almacenados nos repositorios
- Utilización do repositorio:
 - 12 nos seus procesos de promoción
 - 22 para a avaliación da actividade científica
 - 7 para a asignación orzamentaria a departamentos ou grupos de investigación
 - 2 para xestión da investigación

Artigos Audiovisuais Capítulos de libro
congresos Datasets Documentación institucional
Fondo antigo Libros Obxectos de aprendizaxe **Preprints**
Revistas Propias **Teses de doutoramento** Traballos fin de
grao **Traballos fin de máster** Working Papers

10 Recomendacións para incrementar o impacto da produción científica e a visibilidade das universidades españolas

1. Asinar a Declaración de Berlín
2. Dispoñer dunha política institucional para o acceso aberto que estableza:
 - a. Publicar no repositorio institucional toda a produción científica, académica e institucional levada a cabo na universidade.
 - b. Limitar o prazo no que debe facerse efectivo o devandito arquivo.
 - c. Velar polo respecto das políticas de propiedade intelectual das editoriais e polo dereito de propiedade industrial.
 - d. Recomendar a publicación en revistas de acceso aberto.
 - e. Rexistrar a devandita política nos directorios: Melibea, Roarmap, Sherpa-Juliet.

Esta política institucional pode ser un mandado (aconsellable) ou unha recomendación e debe ser aprobada polo Consello de Goberno da Universidade.
3. Ter un repositorio institucional de acceso aberto que:
 - a. Garanta a difusión e preservación da súa produción científica e intelectual.
 - b. Utilice protocolos estándar que permitan a interoperabilidade dos datos.
 - c. Vincule o repositorio cos CRIS (Current Research Information System) e outras aplicacións institucionais de xestión da produción científica, evitando a duplicidade de datos e xuntando esforzos na súa xestión.
 - d. Permita publicar baixo unha licenza que clarifique a súa propiedade intelectual.
4. Incentivar a publicación en acceso aberto:
 - a. Valorando como mérito o número de documentos publicados á hora de asignar axudas a departamentos, institutos e grupos de investigación.
 - b. Potenciando a utilización do repositorio para acreditar a produción científica nos procesos de promoción e avaliación.
5. Realizar accións de promoción da política de depósito, o repositorio e o acceso aberto entre a comunidade universitaria.
6. Dispoñer dun servizo de asesoramento sobre propiedade intelectual, licencias Creative Commons e acceso aberto.
7. Asegurar que as publicacións institucionais e revistas científicas da universidade se publiquen en acceso aberto.
8. Asesorar aos investigadores sobre como incrementar a súa visibilidade e a da súa institución a nivel internacional: pautas para a normalización do nome e filiación, creación de perfís profesionais (ResearcherID, Scopus, Google Scholar) e obtención de identificadores (ORCID-ID...)
9. Recomendar aos investigadores que inclúan sempre o organismo financiador e o número de proxecto nas súas publicacións para poder realizar un seguimento dos mandatos da lei da Ciencia e da Comisión europea.
10. Establecer mecanismos de control para coñecer o grao de cumprimento das políticas institucionais, nacionais e internacionais de acceso aberto.

